



sanroque

DESDE 1698

As festas que queremos

DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

PROGRAMACIÓN | AGO-SET 2024

Orgullo festivo

En 2006, as Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa acadaron a distinción de Festas de Interese Turístico Nacional pola súa riqueza, singularidade, tradición e repercusión. Nestes 18 anos presumimos con orgullo dunha etiqueta de calidade que nos serviu de carta de presentación e reclamo cara fóra, e nos permitiu aos de dentro tomar maior conciencia do valor cultural, social e sentimental das nosas festas patronais.



Esa inxección de autoestima foi un revulsivo para unha cidadanía cada vez máis esixente e desexosa de gozar ao máximo das Festas de San Roque; e todo un reto para quen as organiza, conscientes da responsabilidade que supón, ano tras ano, manter o nivel e contentar a todos os públicos. Malia todo, un reto motivador porque non hai nada máis gratificante que proporcionar alegría e diversión, e ver como amizades, familia, veciñanza e visitantes comparten momentos dos que gozar e levarse gratos recordos.

Con estas premisas, presentamos o programa do San Roque 2024, unha axenda repleta de actos para os 12 días das festas, pero con propostas que se estenden durante todo o mes. Teremos as citas clásicas do San Roquiño, a Ofrenda Floral, o Combate Naval e as Carrozas. Volveremos ver a San Roque bailar o pasodobre Triunfo e ás Meigas despedir agosto. Mollarémonos na Festa da Auga, comeremos ameixas en Carril, cantaremos, bailaremos e nos emocionaremos cos concertos de Café Quijano, Antonio Carmona e Anni B Sweet, as sesións de DJs, o tributo a Queen, as verbenas e a ópera. Haberá cine ao aire libre, Folk no Alobre e moito deporte. E as rúas converteranse nun circo coa maxia, as acrobacias, os malabares e os pallasos do Festaclown.

E algo que sempre ten un lugar destacado nas festas de Vilagarcía: o talento local, do que daremos conta coas agrupacións folclóricas, a Banda de Música, o Somoza Trío, a Duendeneta, os Amigos do Acordeón, The Eskarallas... Con todos os que Son da Casa!

Gozade desta programación coa ledicia e o orgullo que a festas se merecen!


Alberto Varela Paz

Alcalde de Vilagarcía de Arousa



VENRES 9 AGOSTO

11:00 – 14:30 | 18:30 – 22:30 – Praza da II República

Feira de oportunidades, Expoferta Zona Aberta

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta

20:00 e 22:15 (pase dobre) – Salón García

Semana de Cine – CINE CLUB ÁDEGA

C'è Ancora Domani



É primavera e toda a familia está alborotada polo inminente compromiso da querida filla maior, Marcella, quen, pola súa banda, só espera casar rapidamente cun simpático mozo de clase media, Giulio, e librarse por fin desa incómoda familia.

2023| Xénero: Comedia| 118 min| Director: Paola Cortellesi

Reserva de entradas: www.cineclubeadega.com

Venda de entradas: no Salón García unha hora antes da proxección.

Prezos: non socios: 4 €/sesión e 10 €/abono.

Parados, xubilados e carné xove: 2,5 €/sesión e 7 €/abono.

Socios e fillos de socios: entrada de balde, tras retirar invitación.

+ info: <https://www.cineclubeadega.com>



SÁBADO 10 AGOSTO

11:00 – 14:30 | 18:30 – 22:30 – Praza da II República

Feira de oportunidades, Expoferta Zona Aberta

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta

21:30-22:30 – Parque do Castriño – Xardín E. Valdés Bermejo

Semana de Cine – CINE CLUB ÁDEGA

Noite de cinema e pícnic no xardín

Trae a túa comida e bebida para desfrutar de cine e música á luz das estrelas nun espazo natural espectacular.



➤ 21:30 **Presentación do libro "El imaginario fantástico de Tim Burton"** coa súa autora, Milenia Martínez.

➤ 22:15 **Bitelchus**

Un matrimonio de pantasmas contrata os servizos de Bitelchus, un especialista en asustar mortais, para que escorrente os novos propietarios da súa querida casa.

1988 | Xénero: Comedia de terror | 93 min. | Director: Tim Burton.

Entrada de balde.

XXIX FESTA DA AMEIXA



DOMINGO 11 AGOSTO

11:30 - 17:00 – O Carril

XXIX Festa da Ameixa

> 11:30H I RÚAS DO CARRIL

Pasacalles dos Xirifeiros.

> 12:00H I ALAMEDA

Pregón a cargo dos televisivos Mozos de Arousa.

A continuación, actuación do gaiteiro Cristian Silva.

> 12:00H I ALAMEDA

Degustación da Ameixa na carpa ata fin de existencias*

> 12:30H I ALAMEDA

Entrega de premios do I Concurso de Fotografía "Ameixa do Carril" e de recoñecementos a persoas e entidades vencelladas á produción marisqueira.

> 15:00H I ALAMEDA

Actuación de Pablo Balseiro and The Verbenian Orquestra.

> 17:00H I RÚAS DA CIDADE

Pasacalles de Brisas do Ulla.

20:30 – Exterior do Centro Cultural de Cornazo

FANTASIO NA RÚA

O dragón de papá

Elmer Elevator busca un dragón preso en Wild Island e atopa moito máis do que podería imaxinar.

Xénero: Animación | Duración: 103 min | Público: + de 7 anos.

11:00 – 14:30 | 18:30 – 22:30 – Praza da II República

Feira de oportunidades, Expoferta Zona Aberta

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta

LUNS 12 AGOSTO

22:00 - Parque da Xunqueira

FANTASIO NA RÚA

As Neves

As Neves é unha pequena vila de montaña onde todos se coñecen. A noite de Entroido un grupo de adolescentes celebra unha festa e dróganse con cogomelos por primeira vez. Ao día seguinte, espertan cun temporal de neve e coa nova de que Paula, unha das rapazas da festa, desapareceu.

Mentres, a vila queda incomunicada e cae Internet. Cada vez é máis urxente atopala. Iníciase unha investigación que causará un profundo cambio nas súas vidas e na súa relación co mundo.

2024 | Xénero: Drama | 83 min. | Público: + 12 anos.





MÉRCORES 14 AGOSTO

20:30 – Balcón da Casa Consistorial

Pregón a cargo de Alberto Avendaño

Vilagarcía de adopción. Membro da Academia Norteamericana de La Lengua Española, xperiodista en The Washington Post, gañador de tres premios Emmy™ da Academia da Televisión de Estados Unidos.

Defínese como un "emigrante retornado" que escolle Vilagarcía de Arousa para, despois de trinta anos fóra, ofrecerlle á súa familia unha referencia de vida e de cultura.

O pregón será traducido simultaneamente a lingua de signos.

Foto J. L. Oubiña

21:00 – Praza de España

Ofrenda floral ao Santo


Agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial onde farán a súa ofrenda floral ao patrón.

Saída dende o Concello e continuación pola avda. Juan Carlos I, xardíns de Ravella, rúa Ramón y Cajal, praza de Galicia, rúa Castelao, rúa Xeneral Pardiñas, rúa Covadonga e finalización na praza de España.

22:00 – Campo da Festa de Cea

FANTASIO NA RÚA

Pinocho de Guillermo del Toro




Versión musical en animación "stop motion" do famoso conto de Pinocho, ambientado na Italia fascista durante a década de 1930.

2022 | Xénero: Animación

Duración: 117 min | Público: + 7 anos.

Dirección: Guillermo del Toro.





22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Guadi Galego

É unha das artistas máis relevantes da escena musical galega das últimas décadas. A súa andaina comezou sendo moi nova, en Berrogüeto, e, co tempo, deu paso a outros proxectos máis persoais, como Espido ou Nordestin@s.

No 2009 inicia a súa carreira en solitario con Benzón. Logo chegarían os exitosos Lúas de outubro e agosto, O Mundo está Parado ou o máis recente Roibén. Co sinxelo O.D.A, márcase toda unha declaración de intencións sobre a madurez e aceptación da vida, na que reivindica o dereito a seguir experimentando.

23:30 – Alameda

SESIÓN DJ

A Duendeneta



SON
DA CASA!

A Duendeneta retorna ao seu lugar fetiche, a aquel onde naceu e onde deu a súa primeira sesión en 2012. E faino con ánimos renovados e coa música de sempre.

Carlos Crespo e Kris K Dj propóñennos unha viaxe sonora polas músicas de baile de onte, de hoxe e de sempre, intentando esquivar os sons máis comerciais e cunha especial atención ás producións que se están a facer en Galicia e á música en feminino.



XOVES 15 AGOSTO

11:00-12:30 – Contorno da capela de San Roque

Festividade de San Roquiño O Pequeno

> 11:00 – Barrio de San Roque

Pasacalles

Grupo de gaitas Os Terribles de Arousa.

> 11:30 – Barrio de San Roque

Misa de San Roquiño

Cantada pola Coral Cortegada.

> 12:30 – Barrio de San Roque

Procesión San Roquiño

Estará acompañada pola Banda de Música de Vilagarcía e Os Terribles de Arousa. Ao final, haberá repartición de viño e empanada por xentileza do Concello de Vilagarcía de Arousa.



**SON
DA CASA!**

12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas A Queimada de Bamio.

21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Cantareiras Buljeiras de Fontecarmoa.





**SON
DA CASA!**

21:00 – Praza de Galicia

CONCERTO

Cruceros Manzanares

O proxecto musical da artista vilagarcía Enma Castañeiras preséntase coma o primeiro grupo do xénero caspa-pop, coa tentativa de traer ao presente os sons e ritmos dos setenta e oitenta, que tanto nos fan bailar e á vez rir con todo o arcaico que arrastramos. Un grupo fresco de verán, divertido e moi bailable, que promete unha chea de cancións de amor, desamor, arrecendo a cloro e a "aftersun".

22:30 – Praza de Galicia

CONCERTO

The Eskarallas

The Eskarallas nace en agosto de 2020. Julen (voz), Xavi (guitarra rítmica), Gorka (guitarra solista), Santi (baixo) e Fran "Trilli" (batería) distribúense entre Vilaxoán, Compostela, Arzúa e Boiro. A pesar da pandemia, os cinco apañáronse para lanzar o seu primeiro single "De que vas?", a través de tendas dixitais e redes sociais. A tremenda acollida do público levou á banda a asinar co selo Viuda Negra de Colombia e poder lanzar o seu primeiro álbum de longa duración.



**SON
DA CASA!**



23:30 – Rúas da cidade

Festicultores Troupe

Os auténticos cultivadores de festas acompañados sempre do seu carro de tecnoloxía punta alienígena galaica e o seu motocultor tunig Barreiros, farán que se divirtan todas as almas errantes. Aseguran que seguen a perder a cordura, e que por iso están en constante involución, empeñados en curar todas as amarguras coa festa máis revolucionaria e divertida, conquistando todas as rúas e prazas coa súa música e humor.

Os festicultores están aquí! A bailarrrrr!



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

CUL
TURA
NO
CAMI
ÑO



VENRES 16 AGOSTO

11:45 - Praza de España

Traslado de San Roque

O Santo sae dende a igrexa parroquial, na praza de España, escoltado polo equipo de rugby da cidade, co acompañamento da Banda de Música de Vilagarcía, cara a capela de San Roque.

12:00 - Zona húmida

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e cun caldeiro na man, comeza a multitudinaria Festa da Auga.

IMPORTANTE:

Se tes calquera accidente leve, acode ao

Punto de Atención de Primeiros Auxilios

que o Concello pon á túa disposición na praza da Peixería de 11:00 a 15:00 horas.

20:30 - Rúas da cidade

Procesión de San Roque

O Santo sae da capela de San Roque e, a través da rúa San Roque, a praza da Independencia, Padre Feijoo e Edelmiro Trillo retorna á igrexa parroquial, na praza de España.

22:30 - Avda. da Mariña

Verbena Popular

TRÉBOL

FESTA DA AUGA SEGURA

PUNTO LILA

---CASETA INFORMATIVA---

EXPLANADA DO AUDITORIO

NOITE DO 15 AO 16 DE AGOSTO
DAS 00.00 ÁS 8.00 HORAS

SÁBADO 17 AGOSTO

11:00 - Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas A Nosa Señora da Xunqueira.

10:30-13:00 - Ravella - Salón García

XVIII Capítulo da Confraría do Viño Rías Baixas

➤10:30 Concentración de confrarías no xardín de Ravella.

➤10:45 Desfile cívico de confrades vinico-gastronómicos dende o xardín de Ravella ata o Salón García, acompañados polo grupo de gaitas A Nosa Señora da Xunqueira.

➤12:00 Acto principal do XVIII Capítulo da Confraría do Viño Rías Baixas.



12:00 - Rúa Castelao

Pequeno cabaré infantil

Un orixinal espectáculo para nenos e nenas de todas as idades que se desenvolve nun escenario de rúa ao xeito dun circo antigo, no que o mestre de cerimonias, Pedriño Mendruco, e a súa artista internacional, Jacinta Florette, farán as delicias dos máis pequenos e tamén dos máis crecidos ao presentar algúns contos populares dende un punto de vista moito máis cómico e actual.


Un espectáculo cun ritmo frenético, moita interacción co público, sorpresas, cancións, coreografías e un carácter moi tenro e entrañable.

Xénero: Teatro de rúa infantil.

Duración: 50 min.

Público familiar.

Dirección: Nelson Quinteiro.



22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Café Quijano

MANHATTAN TOUR 2024

Máis de dúas horas de viaxe trepidante a través de vinte e cinco anos de éxitos que seguen presentes en varias xeracións. O espectáculo non está só no que cantan, senón, tamén, no que contan. As súas cancións son curtametraxes que se entrelazan coa intrahistoria narrada entre canción e canción.

As súas cancións son éxitos que transcenderon en medio mundo e seguen sendo un dos grupos españois máis recoñecidos internacionalmente, colaborando con artistas da altura de Celine Dion, Carlos Santana, Armando Manzanero, Herbie Hancock, Black Eyed Peas ou Joaquín Sabina.





NINTENDO
SWITCH™

SÁBADO 17 - DOMINGO 18

17:00 – 23:00 – Praza da II República

Xira Nintendo Switch Tour 2024

Un ano máis recibimos a visita de Nintendo Switch Tour e poderemos gozar dos mellores videoxogos. Un plan gratuito, perfecto para gozar en compañía e apto para todos os públicos (torpes aos mandos incluídos).

Os grandes protagonistas do circuíto serán Mario e os seus amigos: Luigi, Peach, Toad, Daisy, Yoshi, personaxes que, con case corenta anos de historia, son unha icona mundial de diversión.

21:00 - Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo folclórico Mocidade da Torre 83



DOMINGO 18

12:30 - Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Treboada de Guillán.

21:00 - Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Malveiras.

22:30 - Parque da Xunqueira

CONCERTO

Anni B. Sweet

A artista malagueña é unha das grandes revelacións no panorama musical español dos últimos anos e virá a Vilagarcía acompañada da banda Rufus T. Firefly.

O seu último disco, *Universo por estrenar*, será a base principal deste concerto, un traballo co que a autora se lanzou ao pop perfecto de retrosos infecciosos con arranxos de electrónica retrofuturista e neopsicodelia. "Unha marabilla dunha das nosas artistas máis internacionais", segundo a crítica.

LUNS 19 AGOSTO

19:30 – Rúas da cidade

ANIMACLOWN

Tchimizayaguas (estrea en Galicia)

Forza, ritmo e enerxía, unha linguaxe acrobática, teatral e circense propia. Estas son as características da Fundación Teatral Tchyminigagua, formada en Bogotá (Colombia) en 1985.

O seu labor artístico e traballo pola memoria dende o compromiso político fixolles gañar o recoñecemento internacional pola súa dramaturxia, música, colorido ou maquillaxes e a súa invención, patentada a nivel mundial, dos zancos en patíns. Cultura popular de transformación social.

Compañía: Fundación Tchyminigagua | Tipo espectáculo: pasacalles | Duración: 50 min. | Dirixido a todos os públicos.



21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Agrupación folclórica Froallo.

21:00 – Rúas da cidade

ANIMACLOWN

Meninas (estrea en Galicia)

Personaxes travesos e impetuosos que transforman o cotián e unha danza case irreal da boneca e o seu xascatroallo en vaivéns que van da reverencia ao xogo. Unha poética visual asombrosa a pé de rúa.


Compañía: 7Bubble

Tipo espectáculo:
pasacalles

Duración: 40 min.

Dirixido a todos
os públicos.





22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Querida Montserrat, Querido Luciano

Por primeira vez na historia da música, réndeselle unha homenaxe chea de agarimo, respecto e admiración a dous grandes da música unidos por un cordón umbilical: o canto.

As súas voces resoaron nos mellores teatros do mundo, dende Sidney ata Roma, dende París a Nova York. Estes grandes da ópera foron orgullo para Italia e España, dous países unidos na admiración a Montserrat Caballé e a Luciano Pavarotti. Hoxe, a segunda xeración reúnese para lembrar os seus devanceiros: Montserrat Martí Caballé homenaxeará a súa nai e Simona Todaro Pavarotti ao seu tío. Como artistas convidados estarán o barítono Luis Santana e a soprano lixeira María Dolores Crespo Abuín, coa participación do mestre Víctor Carbajo ao piano.



MARTES 20 AGOSTO

11:00 – Rúas da cidade

ANIMACLOWN

Animarte (estrea)

Compañía: Igualarte, Asociación

con Eles e Tchyminigagua

Tipo espectáculo: pasacalles

Duración: 50 minutos

Dirixido a todos os públicos.



12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Airiños do Carril.

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Máis Saaabor!

Proposta cómica en torno ao mundo da gastronomía e a alimentación saudable. Máis Saaabor! mestura música en directo, maxia, humor, moito ritmo e participación do público.

Compañía: Culturactiva Producións | Tipo
espectáculo: clown | Duración: 70 min.
Dirixido a todos os públicos.





19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTA CLOWN

Burbuja

Unha comedia de pompas de xabón onde o público é o protagonista. Con este espectáculo, viven innumerables aventuras, espertan a maxia en grandes e pequenos e reciben aplausos entusiastas.

Compañía: 7Bubble | Tipo espectáculo: pompas de xabón e clown | Duración: 70 minutos | Dirixido a: todos os públicos

21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Lumarada de Cornazo

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTA CLOWN

Sueños Encantados

Espectáculo emblemático do teatro colombiano, con técnica acrobática e circense. Estreado en 1990, acadou as 3500 funcións dende entón, e segue vixente en festivais, eventos artísticos e culturais a nivel mundial. Enerxía, colorido, zancos e zancos sobre patíns, música, coreografías...

Compañía: Fundación Tchyminigagua | Tipo espectáculo: acrobacias | Duración: 60 min. | Dirixido a todos os públicos.



22:30 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Antonio Carmona

Antonio Carmona é música en maiúsculas. Un mestre do directo. Gran compositor cunha voz única, percusionista excepcional e guitarrista.

Este ano volve sobre o escenario co seu espectáculo "Antonio Carmona en familia", unha auténtica festa flamenca. Rodeado dos seus, ofrece un concerto único para todos os públicos onde o baile, a forza, o "duende" e a diversión están garantidos. Un acto que une a forza e a pureza do flamenco coa diversidade dos ritmos latinos e a vangarda dos sons máis actuais.



MÉRCORES 21 AGOSTO

11:00 – Parque Miguel Hernández

FESTACLOWN SOCIAL

Pepa a Loba

Cris Collazo naceu en Santiago de Compostela en 1986 e medrou no berce dunha aldea chea de fábulas, contos e cantigas.

Tras xirar en Brasil coa compañía Arte Livre en 2012, regresa para poñer en práctica o aprendido, e, dende entón, a súa carreira artística mergúllase na creación de laboratorios, traballos audiovisuais en curtametraxes e a coordinación de proxectos teatrais e de índole social. Sempre cun obxectivo: fomentar o teatro no medio rural.

Compañía: Cris Collazo | Tipo espectáculo: narración oral | Duración: 45 minutos | Dirixido a: público entre 3 e 7 anos

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Prohibido tocar "El segurata" (estrea)

O espectáculo de maxia vai comezar. Pero o mago atrásase. Mentres tanto, o vixiante de seguridade encargarase de que ninguén, incluído el mesmo, toque os instrumentos do mago. Conseguirá o seu labor?

Compañía: Pablo Muñoz | Tipo espectáculo: clown, maxia cómica e slapstick | Duración: 50 minutos | Dirixido a: público + 4 anos



19:30 – Praza de Galicia
CERTAME FESTACLOWN
Crunch 2

Volven os dous superheroes máis queridos do circo nesta nova aventura. Unha viaxe aos seus comezos, volver á escola por non sacar o título. Quen non soñou con iso?

Un espectáculo familiar cheo de malabares, caídas, golpes, corda frouxa, risas e equilíbrios imposibles. Máis que nunca é tempo de superheroes.

Compañía: Muu | Tipo espectáculo: circo e clown | Duración: 50 min. | Dirixido a todos os públicos.

21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas e baile Mar de Arousa de Bamio.

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Chouf Le Ciel (estrea en Galicia)

Malabares, acrobacias, danza e, de súpeto, explosivos voos de altura. Neste espectáculo rise, písase forte, contense a respiración, mírase cara abaixo. E logo bailas. A música é cinematográfica, a escritura acrobática, o circo marroquí sen reviravoltas.

Compañía: Circ Colokolo | Tipo espectáculo: acrobacias e equilíbrios | Duración: 55 min. | Dirixido a + 4 anos.

22:30 – Avda. da Mariña

Verbena Popular **OLYMPUS.**



XOVES 22 AGOSTO

11:00 – Parque Miguel Hernández

FESTACLOWN SOCIAL

A Nena Lentella

Lentella é unha nena pequena que loitará para liberar a súa vila para poder medrar. Olga Abad achéganos un conto de narración oral con monicreques e unha fermosa historia.

Compañía: Olga Abad | Tipo espectáculo: narración oral |
Duración: 40 min. | Dirixido a público entre 3 e 7 anos.

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

O último que apague a luz

Dende o humor e o circo, este espectáculo toma como punto de partida o universo creado por dous pallasos que deciden casar. Que pode pasar? Esta aloucada cerimonia faranos reflexionar sobre o porque de certas tradicións. Esnaquizarán a torta ou comerán o ramo?.

Neste ritual, como en toda gran voda, mestúranse o clown, equilibrios sobre torta, manipulación de obxectos entre veos e o lanzamento olímpico do ramo.

Compañía: A Vela Circo.
Tipo espectáculo: acrobacias.
Duración: 45 min.
Dirixido a todos os públicos.



19:30

Praza de Galicia

**CERTAME
FESTACLOWN**

Mal de Tontos

Nova peza de Cirkom-pacto na que se atreve a encarnar a dous diaños tolos que farán que o público se pregunte en que medida lles pertence a súa propia vida. Unha obra disparatada na que se mesturan clown, danza e acrobacia a través do humor cun final sorprendente.

Compañía: Cirkompacto. | Tipo espectáculo: clown. | Duración: 45 min. | Dirixido a todos os públicos.

21:00 - Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas e baile Nós de Sobradelo.

21:00 – Praza da II República


MOSTRA FESTACLOWN

Cataplúm! (estrea en Galicia)

Un ser solitario insiste na súa rutina a pesar das bombas que a diario resoan nun horizonte ao lonxe preto da súa casa. Para seguir adiante, as mellores armas serán a fantasía, o xogo e a parvada, o mellor aliado: o público.

Espectáculo de rúa sen texto para todos os públicos cargado de tenrura, humor, traxedia, poesía, absurdo e esperanza.

Compañía: Ameba Teatre. | Tipo espectáculo: clown. | Duración: 55 min. | Dirixido a todos os públicos.





21:00 – Ponte de Vista Alegre

CONCERTO
Longa



**SON
DA CASA!**

Despois duns anos dedicada á composición e produción "in the box" para outros, Vicky presenta unha proposta que aínda está por definir en canto ao son e formato... Será un set de guitarras e voces atmosféricas? Unha viaxe de luces e sombras? Cancións de autor cun formato clásico? Electrónica e pop? Distorsión, crueza e desgarrar? Un híbrido?...

O que si a caracteriza son as ganas de colaborar con outros artistas que admira, saltar ao baleiro con propostas moi diferentes, eclécticas e efémeras. Ten en mente un escenario con outro protagonista: o gran músico e guitarrista Pedro Falcón. Será a primeira ocasión que toquen xuntos, a primeira vez para o público e o primeiro directo de moitas cancións.

23:00 – Ponte de Vista Alegre

CONCERTO

Somoza Trío

Banda creada coa intención de entreter a través de versións dos mellores clásicos do pop, soul, reggae, funk e blues dos oitenta e noventa e con algunha pincelada de temas máis actuais.

Fran Leiro (baixo e voz) tocou con artistas da altura de Iván Ferreiro, Andy e Lucas, Pitingo ou Melendi. Rocksteady Bob (batería e voz) conta cunha longa traxectoria como batería de directo de importantes bandas do pop-rock venezolano, e Pablo Somoza (guitarra e voz) traballou como músico de sesión nos estudos PKO colaborando con varios artistas nacionais, e actualmente como músico de directo traballando con Javier Gurruchaga, Alejo Stivel, Rafa Sánchez ou Vicky Larraz.



SON
DA CASA!



VENRES 23 AGOSTO

11:00 – Praza de Galicia

FESTACLOWN SOCIAL

Somos Olímpicos (estrea)

Compañía: Asociación Con Eles, Teatro Clámide e Asociación Amencer-Aspace. | Tipo espectáculo: clown e acrobacias. | Duración: 35 min. | Dirixido a todos os públicos.



12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Lila Star

Esta artista percorre o mundo na súa bici para mostrar en cada praza as súas habilidades como artista, equilibrista e ama da pista! Acrobacias, rola-bóla, equilibrio de mans e clown únense neste disparatado show, onde algunha invitada inesperada poñerá a proba a paciencia da nosa protagonista.

Compañía: Cia Sintriz. | Tipo espectáculo: acrobacia e contorsión. | Duración: 45 min. | Dirixido a todos os públicos.



19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTACLOWN

Távole (estrea)

Espectáculo que xira en torno a dous personaxes, un ritmo vertixinoso e un montón de mesas, que os levará a situacións tan cotiás como surrealistas onde aparece a acrobacia, as técnicas aéreas, a maxia e o humor.

Compañía: Zirko Txosko. | Tipo espectáculo: acrobacias. Duración: 50 min. Dirixido a todos os públicos.





**SON
DA CASA!**

20:30 – Salón García

Músicas de Sempre

AMIGOS DO ACORDEÓN RÍAS BAIXAS

Os Amigos do Acordeón Rías Baixas é un grupo musical que interpreta cancións tradicionais. O seu repertorio é amplo e variado, e abarca diferentes estilos e épocas. A súa música crea un ambiente único no que o público desfrutará dunha experiencia inesquecible.

Entrada de balde ata completar capacidade.

21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Os Trasnós de Guillán.

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Mute

Premio Umore Azoka 2022 ao mellor espectáculo de rúa de Euskadi. A mutación é unha constante. Que non só muten os bichos. Mutemos as estruturas e tamén nós, as persoas, para seguir avanzando, para chegar máis lonxe, máis alto: o aínda máis difícil!

Compañía: Orain Bi. | Tipo espectáculo: acrobacias e equilibrios. | Duración: 50 min. | Dirixido a todos os públicos.



RENOVATION

E X P E R I E N C E

by **Sonido Galende**

22:30 - Avda. da Mariña

SESIÓN MÚSICA ELECTRÓNICA

Renovation Experience con Dj Ricky Galende

Renovation, capitaneado polo Dj Ricky Galende, é un dos maiores espectáculos de música, son e iluminación do panorama actual.

Catro horas de auténtica loucura que non te podes perder!



SÁBADO 24 AGOSTO

11:00 – Parque Miguel Hernández

FESTACLOWN SOCIAL

Contos en Lila

Das caixas máxicas dos contos saen: carapuchiñas que non saben o seu conto, dragóns que parecen galos de curral, traballadoras en folga, princesas de pernas tortas e un neno chorón que provoca unha revolución e unha inundación. Precisamos un mundo que siga a ser azul pero cunha visión lila, polo que debemos unir forzas todas e todos nós. Por unha sociedade máis xusta e igualitaria, poñede as orellas para escoitar uns contos en lila.

Compañía: Cris de Caldas | Tipo espectáculo: narración oral | Duración: 40 min. | Dirixido a público entre 3 e 7 anos.

12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Santa Plácida de Rubiáns

12:30 – Praza de Ravella

SUPERROQUIÑOS

Henriko, o Feiticeiro

Henriko é un peculiar feiticeiro que sente que realiza trucos increíbles. Proezas que superan o entendemento humano. Pero en realidade é unha fraude de mago ao que mesmo os nenos lle cazan os trucos.

Pero tras a aparencia deste desastroso feiticeiro agóchase un veterano malabarista que realizará arriscados xogos con coitelos e perigosos equilibrios.

Compañía:
Simplemente
Enricco.

Tipo espectáculo:
circo e clown.

Duración: 45 min.

Dirixido a todos
os públicos.



19:30 – Praza de Galicia

CERTAME FESTACLOWN

Alone (estrea en Galicia)

Alone entra na súa casa e lógrao, está soa! Así comeza esta historia, estados anímicos que van do pracer á desesperación que se alteran a partir dunha constante multitude de gags, problemas e historias pasadas que a atravesan.

A soidade, a competencia, o orgullo e o perdón son algúns dos desafíos aos que se enfrontará esta pallasa, do mesmo xeito que cada un ou cada unha de nós facemos día a día.

Compañía: Mai Clown. | Tipo espectáculo: Teatro físico e circo.
Duración: 50 min. | Dirixido a todos os públicos.



21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de gaitas Brisas de Ulla

21:00 – Praza da II República

MOSTRA FESTACLOWN

Maxia e humor (estrea en Galicia)

Miguel de Lucas é Premio Nacional de Maxia e presentador do programa de La 2 de TVE "Un país mágico". Nos seus espectáculos poderemos gozar dunha gran dose de humor e participación, tendo sempre en conta ao espectador como foco de toda a atención.


Ademais, os efectos de maxia proxectan sempre unha coidada presentación para xerar situacións difíciles de esquecer.


Compañía: Miguel de Lucas.

Tipo espectáculo: maxia.

Duración: 55 min.

Dirixido a público + 4 anos.





24:00 – Praias da Concha – Compostela

Combate Naval
ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO

Un festival pirotécnico único en Galicia, con máis de 150 anos de historia. Rememora o asedio das tropas españolas ao Callao, no Perú, en 1866. Media hora de espectáculo con fogos acuáticos e aéreos para rematar co sempre celebrado combate entre os barcos e o castelo.

Patrocina:



Deputación
Pontevedra

00:30 – Avda. da Mariña


CONCERTO

Tributo Remember Queen

Homenaxe á banda de rock que triunfa dende o ano 2005 nos mellores escenarios de toda Europa.

Os artistas desta compañía coidan o máis mínimo detalle do espectáculo orixinal cunha posta en escena similar á que estes utilizaban na xira de 1986. Un repaso dos grandes éxitos da banda británica como "We are the Champions" ou "Bohemian Rhapsody", cun despregamento técnico sen precedentes que non deixará indiferente a ninguén.

Protagonizado polo mellor dobre do mundo de Freddie Mercury, Piero Venery, ofrécenos unha impecable caracterización do artista, xunto aos seus xestos, bailes e posta en escena.



DOMINGO 25 AGOSTO

19:30 – Praza de Galicia

Os Bolechas Deportistas

Un espectáculo de monicreques dirixido ao público infantil e familiar.



21:30 – Rúas da cidade

Desfile de Carrozas

Música, folclore e animación de rúa acompañan o desfile que pecha as festas. O percorrido comeza na estación de autobuses, na rúa Moreira Casal, e continúa pola avda. Juan Carlos I, rúa Gumersindo Nartallo, praza da Independencia, rúa Edelmiro Trillo, e remata na praza de España.



SÁBADO 31 AGOSTO

22:30 a 02:00 - Rúas e prazas da cidade

Noite das Meigas

A noite máis máxica do ano volve á súa data orixinal como peche das Festas de San Roque! Un total de 10 asociacións vilagarcíás serán as encargadas de atender as pallozas distribuídas por prazas e rúas da cidade, nas que servirá a tradicional queimada acompañada de degustación de viandas. Ás 00:00 horas, na praza de Galicia, realizarase o conxuro coa colaboración especial da actriz Fátima Rey.



As pallozas e os seus integrantes están situadas nos seguintes emprazamentos:

- **TEATRO CLÁMIDE**
Praza de Galicia
- **O NOSO LAR**
Avenida da Mariña
- **ASOCIACIÓN CULTURAL CURTAS FILMS FEST**
Praza da Independencia
- **A CANTARELA**
Rúa Castor Sánchez
- **ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DE VILAGARCÍA**
Praza de España
- **ZONA ABERTA**
Rúa Baldosa/Valentín Viqueira
- **OS REMOLÓNS**
Rúa Castelao
- **LA JUNQUERA**
Praza do Castro
- **CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA**
Praza de Galicia/Alcalde Rey Daviña
- **ASOCIACIÓN CULTURAL INDANONVAIDESTA**
Rúa Arcebispo Lago

DOMINGO 1 SETEMBRO

11:00 a 23:00 - Parque E. Valdés Bermejo

Folk no Alobe

ROMAXE URBANA

Xestiona: Pés de Barro

Organiza: Concello de Vilagarcía de Arousa



- 11:00 Espectacular Ritual das Penas do Alobe. Visita guiada polo Castro e Parque Enrique Valdés Bermejo, acompañados por Xurxo Souto, grupo tradicional Os Demos da Petaca e Guía. Saída dos Xardíns de Ravella.
- 13:00 Sesión vermú coa Tropa de Trapo. "Contos de nenas grandes e pequenas", con Marta Ortiz e Brais das Hortas.
- 14:00 Xantar demorado (cada quen trae a súa comida). O espazo contará con mesas e cadeiras que pon a organización e estará amenizado por grupos tradicionais.
- 16:00 Obradoiro "Bailar a canda os tempos", con Carme Campo e Chus Caramés.
- 18:00-23:00 Concertos



A.C. NÓS DE SOBRADELO [18:00H]

Un grupo que leva máis de vinte Fundada en 1986. Actualmente, está constituída principalmente pola escola de folclore tradicional galega. A día de hoxe, son unha escola de referencia dentro e fóra do concello de Vilagarcía de Arousa.



BILAI MALDITOS [18:45H]

A fórmula mínima destilada por selección musical: gaita, tambor e bombo. Repertorio tradicional e de autoría propia, con grandes doses de xotas e muiñeiras e un chisco de picante



OS CARUNCHOS [20:00H]

Nacen a finais de 1994 coa idea de mesturar temas cantados co repertorio de gaiteiros solistas, conseguindo naquel momento unha formación nova e orixinal coa que participan nos máis importantes festivais folk do país.



OS D'ABAIXO [21:30H]

En "Somos a pedra", a liña tradicional fúndese con aires novos de composicións propias. A mensaxe deste traballo é a de permanecer firmes coma a pedra, un material tan duro que soporta o paso dos anos e as adversidades sen desaparecer, cuidando do noso.



SÁBADO 7 / DOMINGO 8 SETEMBRO

Horarios de mañá e tarde - Alameda do Carril

XI Ameixa Rock

Unha nova edición na que poderemos desfrutar de música en directo durante toda a fin de semana nun entorno privilexiado.

Poderás consultar as confirmacións e novas incorporacións ao longo de todo o mes en:
<http://ameixarockcarril.wixsite.com/website>



EXPOSICIÓNS

12 XULLO - 1 DE SETEMBRO

Sala de Exposicións Antón Rivas Briones

Ananín.

TRIBUTO AO LEGADO DO POETA EDUARDO GONZÁLEZ ANANÍN

Un total de 24 artistas plásticos galegos e 7 nacionais interpretan os poemas en galego e castelán do poeta ourensá. Na mostra, poderemos desfrutar de pezas pictóricas e escultóricas de figuras tan importantes do arte galego como Paco Leiro, Antón Patiño, Menchu Lamas ou Pamen Pereira.



Colabora:
Fundación Artiaga

A exposición pode visitarse
no seguinte horario:
L-S: 10.30-13.30 / 18.00-21.00H
D: 11.00-14.00H

REVE NIDAS

V I L A X O Á N

12 - 13 - 14 - 15 SETEMBRO 2024



XOVES 12 SETEMBRO

LEDAKARIS MUERTOS ★ MUCHACHITO BOMBO
INFIERNO ★ DAKIDARRÍA ★ THE TYETS
BALKAN PARADISE ORQUESTRA ★ MAFALDA
VÉRTEBRAS ★ TRASHTUCADA ★ A DUENDENETA

VENRES 13 SETEMBRO

LA PEGATINA ★ FILLAS DE CASSANDRA ★ NARCO
MISS BOLIVIA ★ ETS ★ LONTREIRA
MUYAYO RIF ★ GARCÍA MC & NACIÓN QUILOMBO
SERIAL KILLERZ ★ A DUENDENETA

SÁBADO 14 SETEMBRO

TANXUGUEIRAS ★ DUBIOZA KOLEKTIV ★ EL KANKA
THE RAPANTS ★ GUADI GALEGO ★ TALCO
LA FÚMIGA ★ LOS NIÑOS JESÚS
REBELIOM DO INFRAMUNDO ★ XAVI SARRÍA
CATUXA SALOM ★ LÁGRIMAS DE SANGRE
LOITA AMADA ★ YAYA DJ ★ A DUENDENETA

DOMINGO 15 SETEMBRO*

- ★ SARDIÑADA POPULAR REVENIDAS
- ★ UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA
- ★ GALA DE CIRCO SOLIDARIA
- ★ CAAMAÑO&AMEIXEIRAS
- ★ MEKANIKI ROLLING BAND
- ★ DE NINGHURES

* Entrada de balde

Consulta as novas incorporacións
en <https://www.revenidas.com>.

TORNEOS DEPORTIVOS DE VERÁN

1 - 23 AGOSTO

XXI Torneo de tenis de verán

Pistas de tenis do CDM de Fontecarmoa.

Organiza: Fundación de Deportes.

1 - 23 AGOSTO

Torneo de baloncesto de verán

Lugar: Complejo Deportivo Municipal de Fontecarmoa.

Hora: 20:30 h. (de luns a venres).

Organiza: Basket Base Club.

Colabora: Fundación de Deportes.

SÁBADO 17 AGOSTO

Trofeo San Roque de fútbol

Lugar: Estadio municipal A Lomba.

Hora: 20:00 h.

Organiza: Arosa S. C.

Colabora: Fundación de Deportes.

TORNEOS DEPORTIVOS DE VERÁN



MARTES 20 AGOSTO

Partido amistoso Arosa S. C. - R. C. Deportivo da Coruña

Lugar: Estadio municipal A Lomba.

Hora: 20:00 h.

Organiza: Arosa S. C.

Colabora: Fundación de Deportes.

DOMINGO 1 SETEMBRO

XIII Triatlón Concello de Vilagarcía de Arousa / Campionato galego por equipos contra o reloxo

Lugar: Porto de Vilaxoán.

Hora: 10:00 h.

Organiza: Fundación de Deportes.

Colabora: Club Triatlón de Vilagarcía.

SÁBADO 28 SETEMBRO

XXX Memorial Adolfo Pedrido de Xadrez

Lugar: Praza da Peixería.

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoa.

Colabora: Fundación de Deportes.

Programa Activo MAIORmente

Programa dirixido a persoas maiores de 65 anos. Conta con servizos deportivos, como actividade dirixida de ximnasia funcional, unha prescrición de exercicio físico de maneira individual, así como o seu control e asesoramento, e actividades extraordinarias ao aire libre.

Horario: de 9:00 a 9:45 h., de 10:00 a 10:45 h. e de 11:00 a 11:45 h. (martes e xoves).

Lugar: Pavillón Municipal de Castelao/Helena Mariño.

Vilagarcía en Forma

Actividades dirixidas para toda a poboación baseadas no movemento intelixente con actividades de pilates e ioga.

Horario: de 9:00 a 9:45 h. e de 10:00 a 10:45 h. (luns e mércores).

Lugar: Recinto Multiusos de Fexdega.

Vacacións Multideportivas

Programa lúdico deportivo onde se desenvolverá a Escola Multideportiva de Verán para nenos e nenas comprendidos entre 7 e 14 anos.

Hora: de 10:00 a 13:00 h. (de luns a venres).

Lugar: Recinto multiusos de Fexdega.

Escola de verán de fútbol

Datas: xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 h.

Lugar: Club Fútbol Municipal de Vilaxoán.

Organiza: San Martín CF.

Colabora: Fundación de Deportes.

Escola de verán de fútbol

Datas: xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 h.

Lugar: Club Fútbol Municipal A Pelada.

Organiza: Escola Deportiva Arousa.

Colabora: Fundación de Deportes.

Campus de verán de baloncesto

Datas: xullo e agosto, os luns, mércores e venres, en horario de 9:30 a 13:30 h.

Lugar: Pavillón Municipal Castelao/Helena Mariño.

Organiza: Club Baloncesto Vilagarcía.

Colabora: Fundación de Deportes.

Escola de verán de atletismo

Datas: do 22 de xullo ao 9 de agosto, os luns, martes, xoves e venres, en horario de 9:30 a 13:00 h.

Lugar: Estadio Municipal de Atletismo.

Organiza: Agrupación Atlética Mazí.

Colabora: Fundación de Deportes.

O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que queremos.

Organizador e patrocinador principal:



Outros patrocinios:



TURISMO
DE
GALICIA



Deputación
Pontevedra



//ABANCA

Colaboran:



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIAS

Edita

Concellería de Cultura
Concello de Vilagarcía de Arousa

Alcalde

Alberto Varela Paz

Concelleira de Cultura

Sonia Outón Casal

Realiza

Área de Comunicación Social

Imprime

Gráficas Anduriña

Deposito Legal

PO 343 - 2024

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións.

Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais, no portal www.vilagarcia.gal e nas redes sociais municipais.



Concello Vilagarcia de Arousa



[vilagarcia viva](https://www.instagram.com/vilagarcia viva)

FESTA DA AUGA

CONSELLOS DE SEGURIDADE

Procure levar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa así como roupa cómoda e pouca pesada.

Evite levar consigo teléfonos móbiles e cartos en formato billete porque pode perdelos co impacto da auga.

Lembre que pasos de peóns e pavimentos pintados son zonas nas que é doado esvarar ao estar molladas.

Rexeite utilizar recipientes de cristal ou similar, xa que poden escachar no chan e dar lugar a cortes.

Non colla auga acumulada do chan, posto que pode levar areas ou outros líquidos que poidan mancar os ollos.

Respecte a "zona húmida".

En caso de accidente leve, pode dirixirse ao

PUNTO DE PRIMEIROS AUXILIOS

da praza da Peixería [11.00-15.00h], ou chamar a

EMERXENCIAS: 112

Grazas pola súa colaboración.

+ info www.vilagarcia.gal



Lembren que a Festa da Auga comeza unha vez que o Santo está dentro da capela. Por favor, respecten a subida en procesión e non tiren auga no percorrido.